

VIEIROS

Edición xeral



CONGRESO DOS ESCRITORES EN GALEGO, EUSQUERA E CATALÁN

Comeza a XXII de Galeusca baixo o lema "Tradición e disidencia"

Unha delegación de 14 escritoras e escritores galegos, convocados pola [AELG](#), participan desde hoxe en Xirona na XXII edición de Galeusca, organizado desta volta pola [Asociación de Escritores en Lingua Catalá](#). O tema elixido nesta ocasión para artellar as diferentes sesións de traballo e mesas redondas é o de "Tradición e Disidencia", "unha reflexión necesaria para analizar a historia dos tres respectivos sistemas literarios, co obxecto de pronunciarse diante dela, escollela, interpretala e poder contradicila".

- 09:46 10/11/2005

Participarán como ponentes, na mesa redonda que terá lugar o venres 11 de novembro ás 12:15 hs. baixo o título "Tradición e disidencia na literatura galega", a escritora Teresa Moure coa ponencia "Escritoras e Disidencia", o historiador Anselmo López Carreira coa ponencia "As raíces históricas da nosa tradición. Unha lectura disidente" e o profesor e ensaísta Carlos Paulo Martínez Pereiro coa ponencia "Ananos ou gigantes aos ombros de gigantes? Da (anti)tradición literaria". Intervirán, así mesmo, na lectura de textos (con acompañamento musical do violonchelista Daniel Regencós), que terá lugar o sábado 12 de novembro ás 20:00 hs., os poetas Antía Otero e Xavier Seoane, e os narradores Anxos Sumai e Xabier López López, xunto a representantes das outras dúas literaturas. Completan a delegación galega deste XX Congreso Galeusca os escritores Nacho Taibo e Rosa Aneiros xunto aos membros do consello directivo da AELG: Cesáreo S. Iglesias (presidente), Marica Campo (vicepresidenta), Mercedes Queixas Zas (Secretaria Xeral), Henrique Rabuñal e Marta Dacosta.

A [Universidade de Xirona](#) será a sede deste encontro, que se inaugurará este xoves, día 10 de novembro, coa recepción oficial dos escritores e escritoras no Salón de Plenos do Concello de Girona e onde intervirán, a máis dos representantes institucionais, os presidentes das tres asociacións de escritores: Jaume Pérez Montaner (AELC), Teresa Irastorza (EIE) e Cesáreo Sánchez Iglesias (AELG). O venres 11, a xornada de traballo presentará tres mesas redondas  agrupadas lingüisticamente  que reunirán escritores galegos, vascos e cataláns para reflexionar sobre cal é a tradición e onde se manifesta a disidencia en cada literatura.

O [programa](#) do XXII Galeusca presenta como modelo sobre o binomio literatura/disidencia o da escritora Caterina Albert (Víctor Català, 1869-1966), e con este motivo, centrará a xornada do sábado na súa obra; está programada unha visita á Casa-Museo da escritora e realizarase unha lectura dramatizada de "La infanticida", unha das obras claves da autora.

O domingo 13 presentarase as conclusións das sesións de traballo e clausurarase a XXII edición do

Galeusca coa presenza de Joaquim Nadal, Conseller de Política Territorial da Generalitat de Catalunya e socio da AELC.